


# MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. EXPERIMENTACIÓN ANIMAL 1





# **MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. EXPERIMENTACIÓN ANIMAL 1**

XUNTA DE GALICIA  
Consellería do Medio Rural e do Mar  
Santiago de Compostela  
2014

**Coordinación:**

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez  
Isabel Blanco Penedo  
José Luis Puente Villegas  
Mercedes Camiña García  
María del Mar Yllera Fernández  
Alba García Golmar

**Autores:**

Alba García Golmar. ANCARIA SL  
Jesús Cantalapiedra Álvarez. XUGA  
Mercedes Camiña García. USC  
María del Mar Yllera Fernández. USC  
José Luis Toubes Conde. CHOU

**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

**Ano:** 2014

1. **En España, a norma legal relativa ao coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio é a:**
  - a. Lei 32/2007
  - b. Lei 15/2003
  - c. Lei 53/2007
  - d. Lei 60/2003
  
2. **O réxime común de infraccións e sancións para garantir o cumprimento das normas básicas para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, non se aplicará a:**
  - a. Os animais contemplados na normativa da Unión Europea na materia de animais utilizados para fins científicos, incluíndo a educación e a docencia
  - b. Os proxectos e procedementos considerados na normativa internacional na materia de animais utilizados con fins de experimentación e fins científicos
  - c. A fauna silvestre, incluída aquela existente nos parques zoolóxicos
  - d. As respostas "b" e "c" son correctas.
  
3. **Son infraccións moi graves:**
  - a. Provocar, facilitar ou permitir a saída dos animais de experimentación ou outros fins científicos do centro ou establecemento, sen autorización por escrito do responsable deste, cando dea lugar á morte do animal ou cree un risco grave para a saúde pública
  - b. Utilizar cans ou gatos vagabundos en procedementos
  - c. Iniciar ou levar a cabo procedementos en condicións distintas das incluídas na autorización do proxecto, cando se utilicen primates non humanos, animais de especies ameazadas, capturados na natureza, vagabundos ou asilvestrados
  - d. Todas as respostas anteriores son correctas.
  
4. **En Galicia, a Lei que regula a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro é a:**
  - a. Lei 10/1994
  - b. Lei 1/2003
  - c. Lei 1/1993
  - d. Lei 8/1990

**5. Está prohibido por lei:**

- a. Someter os animais a calquera práctica que lles supoña sufrimentos ou danos inxustificadas
- b. Vender animais sen autorización a laboratorios, clínicas e particulares co obxecto de ser utilizados en experimentación
- c. Ceder animais sen autorización a laboratorios, clínicas e particulares co obxecto de ser utilizados en experimentación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**6. Os animais que, como resultado da experimentación, non poidan desenvolver unha vida normal:**

- a. Serán sacrificados de forma rápida e indolora
- b. Serán realoxados a un hábitat conveniente
- c. Serán reintegrados nun sistema zootécnico conveniente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**7. Son infraccións graves incumprir coa obriga de:**

- a. Estar autorizado pola Consellería competente en materia de benestar animal para o control da súa actividade
- b. Levar os libros de rexistro nos casos, condicións e co contido que regulamentariamente se establezan
- c. Dispoñer de boas condicións hixiénico-sanitarias e de locais axeitados ás condicións fisiolóxicas dos animais que alberguen
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**8. Son infraccións moi graves:**

- a. O maltrato dos animais que lles cause a morte
- b. A venda de animais para experimentación a centros non autorizados
- c. A venda de animais para experimentación sen autorización
- d. Todas as respostas son correctas.

**9. Considerarase infracción moi grave a reincidencia en infracción grave se:**

- a. Se cometese unha infracción grave do mesmo tipo ou tipo diferente que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta
- b. Se cometese unha infracción grave do mesmo tipo diferente que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta
- c. Non se requirirá que a resolución sancionadora adquirise firmeza
- d. As respostas "a" e "c" son correctas.

**10. Unha infracción moi grave pode ser sancionada con:**

- a. Peche definitivo dos establecementos
- b. A incautación dos animais
- c. A prohibición permanente do exercicio das actividades comerciais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**11. O/A conselleiro/a do Medio Rural e do Mar impón sancións ás faltas:**

- a. Graves
- b. Moi graves
- c. Non impón sancións
- d. Todo tipo de faltas.

**12. A Directiva 2010/63/UE relativa á protección dos animais utilizados para fins científicos entrou en vigor a partir do:**

- a. 01/01/2013
- b. 31/12/2012
- c. 01/01/2014
- d. 01/01/2015

**13. Os proxectos que se aprobasen antes do 1 de xaneiro de 2013:**

- a. Obterán unha autorización para a súa realización como moito o 1 de xaneiro de 2018
- b. Non se lles aplicarán as disposicións legais, regulamentarias nin administrativas de conformidade coa sección 3 sobre requisitos dos proxectos da Directiva 210/63/UE, sempre que non finalicen despois do 1 de xaneiro de 2018
- c. Todas as respostas son falsas
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**14. A Directiva 2010/63/UE aplicarase a:**

- a. Larvas autónomas para a súa alimentación de animais invertebrados
- b. Formas embrionarias de mamíferos antes do último terzo de xestación, cando vai deixar que o feto viva máis alá do último terzo do seu desenvolvemento normal, e como resultado dos procedementos utilizados hai probabilidades de que padeza dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro
- c. Cefalópodos e crustáceos vivos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**15. A Directiva 2010/63/UE non se aplicará a:**

- a. As prácticas veterinarias clínicas non experimentais
- b. As prácticas que probablemente ocasionarán dores, sufrimentos, angustia ou dano duradeiro equivalentes aos causados pola introdución dunha agulla
- c. As prácticas que probablemente ocasionarán dores, sufrimentos, angustia ou dano duradeiro superiores aos causados pola introdución dunha vía
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**16. O coidado e o uso de animais vivos para fins científicos réxese polos principios establecidos internacionalmente de:**

- a. Substitución, redución e refinamento
- b. Reeducación, reestruturación e rehabilitación
- c. Respecto, reutilización e revisión
- d. As respostas "a" e "c" son correctas.



**17. Entenderase por «colonia autosostible» aquelas nas que:**

- a. Se críen animais da colonia e animais capturados na natureza
- b. Se críen animais da colonia ou procedentes doutras colonias
- c. Se manteñan os animais no seu hábitat natural, de maneira que teñan o mínimo contacto co home
- d. As respostas "a" e "c" son correctas.

**18. Non se utilizarán en procedementos os animais:**

- a. Que foron criados para utilizalos para tal fin
- b. Capturados na natureza, se o seu uso está xustificado cientificamente
- c. Procedentes de colonias autosostibles
- d. Animais asilvestrados e vagabundos de especies domésticas.

**19. En canto aos procedementos de experimentación:**

- a. Estes poderán realizarse unicamente no marco dun proxecto
- b. Débese evitar a morte como punto final
- c. Cando se poida elixir entre diversos procedementos, optarase por aqueles que afecten os animais coa menor capacidade de sentir dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**20. En España a disposición actualmente vixente, relativa á protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, é o:**

- a. RD 1201/2007
- b. RD 1201/2005
- c. RD 53/2005
- d. RD 53/2013

**21. O Real decreto 53/2013 de experimentación non será de aplicación a:**

- a. Os estudos veterinarios clínicos necesarios no marco da obtención da autorización de comercialización de medicamentos veterinarios
- b. Os procedementos cando se empregue analxesia, anestesia ou outros métodos que consigan a eliminación da dor, o seu sufrimento, angustia ou dano duradeiro
- c. Cando os animais empregados sexan realoxados ou reintegrados a un hábitat ou sistema zotécnico conveniente
- d. Son correctas as respostas "a" e "c".

**22. Non será considerado criador para os efectos da normativa de experimentación:**

- a. Calquera persoa que críe porcos co fin de ser utilizados en procedementos de experimentación
- b. Calquera persoa que críe cans ou gatos co fin de utilizalos en procedementos de experimentación
- c. Calquera persoa que adquira, manteña e subministre animais co fin de que estes se utilicen en procedementos con fins científicos
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**23. Poderán utilizarse animais nos procedementos cuxa finalidade sexa:**

- a. A investigación dirixida á conservación das especies e á protección do medio natural en interese da saúde ou o benestar dos seres humanos ou os animais
- b. O ensino superior ou a formación para a adquisición ou mellora das aptitudes profesionais
- c. A medicina legal e forense
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**24. En canto ás condicións de aloxamento e coidado dos animais:**

- a. Verificaranse a diario as condicións ambientais nas que se críen, manteñan ou utilicen animais
- b. Dispoñerase por escrito un plan de actuación en caso de emerxencia ou catástrofe
- c. As normas de traballo e instrucións de uso de todos os elementos constarán por escrito
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**25. A partir de que data os establecementos ou centros deben cumprir o establecido no anexo II relativo ás condicións de aloxamento e instalacións dos animais:**

- a. 1 de xaneiro de 2015
- b. 1 de xaneiro de 2017
- c. 31 de decembro de 2016
- d. 1 de xaneiro de 2020

**26. En canto ao sacrificio dos animais:**

- a. A eutanasia realizarase unicamente por un veterinario
- b. A eutanasia realizarase por unha persoa capacitada
- c. Aplicaranse os requisitos establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, cando os animais dunha investigación de índole agropecuaria se manteñan en condicións similares ás das explotacións comerciais
- d. As respostas "b" e "c" son correctas.

**27. A eutanasia dos animais debe completarse por un dos seguintes métodos:**

- a. Confirmación do cesamento permanente da circulación
- b. Destrución do cerebro
- c. Luxación cervical
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**28. Se no marco dun proxecto é necesario proceder ao traslado dun animal:**

- a. Acompañarase dun documento de traslado emitido polo comité ético de orixe e no que deberán figurar, lugar, día e hora de saída previstos, así como a duración estimada da viaxe
- b. Acompañarase dun documento de traslado emitido polo comité ético de orixe con instrucións claras sobre a subministración de auga, de alimentos e de coidados especiais aos animais durante o seu transporte
- c. O transporte dos animais realizarase conforme a normativa vixente, en particular, en materia de comercio, sanidade e benestar animal
- d. As respostas "b" e "c" son correctas.

**29. Os sistemas de confinamento ou gaiolas dos animais deberán estar provistos dun sistema de identificación onde consten:**

- a. Número de identificación individual de cada animal
- b. Especificacións sobre alimentación
- c. Nos centros usuarios, código do proxecto ou outro medio que permita a identificación do procedemento e o responsable deste
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**30. O órgano competente poderá autorizar que persoas que aínda non demostrasen a súa total capacitación desempeñen de forma temporal e baixo supervisión responsable as funcións de:**

- a. Coidado dos animais e eutanasia dos animais
- b. Realización dos procedementos
- c. Deseño dos proxectos e procedementos
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**31. En tanto en canto non se desenvolvan os requisitos da formación do persoal de acordo co RD 53/2013 considérase capacitado:**

- a. Para o coidado dos animais o persoal recoñecido como categoría A polo RD 1201/2005
- b. Para a eutanasia dos animais o persoal recoñecido como categoría A, B e D2 polo RD 1201/2005
- c. Para a supervisión in situ do benestar e coidados dos animais o persoal recoñecido como categoría D1 polo RD 1201/2005
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**32. En tanto en canto non se desenvolvan os requisitos da formación do persoal de acordo co RD 53/2013 o persoal que realice os procedementos deberá:**

- a. Estar recoñecido como categoría B e C polo RD 1201/2005
- b. Ter recibido instrución nunha disciplina científica pertinente para o procedemento realizado
- c. Ter un coñecemento específico das especies involucradas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**33. Antes do inicio da súa actividade, deben estar autorizados ou inscritos no correspondente rexistro administrativo:**

- a. Os centros ou establecementos destinados ao uso de animais para a experimentación ou outros fins científicos
- b. Os centros ou establecementos destinados á cría e subministración de animais utilizados para a experimentación ou outros fins científicos
- c. Non é necesaria a autorización dos centros destinados ao uso de animais de experimentación para a docencia
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**34. Os criadores, subministradores e usuarios deberán solicitar a confirmación ou renovación da súa autorización:**

- a. Ante calquera cambio significativo da estrutura ou das actividades que poida ter efectos negativos sobre o benestar dos animais
- b. Cando vaian criar, subministrar ou utilizar novas especies
- c. Transcorridos 10 anos dende a emisión ou última renovación da autorización
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**35. Deben inscribirse no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) regulado polo RD 479/2004:**

- a. Os criadores, subministradores e usuarios que, con carácter permanente, manteñan animais de produción para a experimentación científica
- b. Os centros nos que se manteñan animais das especies mencionadas no anexo I (animais de produción) con finalidades didácticas
- c. Os criadores, subministradores e usuarios que, con carácter permanente, manteñan animais de calquera especie para a experimentación científica
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**36. Os centros integrados por unidades fisicamente independentes entre si rexistraranse como:**

- a. Un único centro, aínda que teñan un funcionamento e unha organización independentes
- b. Un único centro, aínda que iso determine a competencia dos distintos órganos competentes
- c. Cando se simultaneen actividades de cría, subministración ou utilización de animais en procedementos, no rexistro especificaranse todas e cada unha delas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**37. Un centro que manteña animais con fins científicos deberá rexistrarse no:**

- a. Rexistro xeral de explotacións gandeiras como explotación de ocio, ensino e investigación, se mantén cans, ratos e cobaias
- b. Rexistro de centros de cría, subministradores e usuarios de animais de experimentación de Galicia, se mantén cans, ratos e cobaias
- c. Rexistro de centros de cría, subministradores e usuarios de animais de experimentación de Galicia, se mantén vacún, porcino e ratos
- d. As respostas "b" e "c" son correctas.

**38. Non se considera procedemento:**

- a. A utilización, tanto invasora como non invasora, dun animal con fins experimentais ou outros fins científicos
- b. A eutanasia dos animais cando se realiza co único fin de utilizar os seus órganos ou tecidos.
- c. Calquera intervención que de forma intencionada ou casual provoque, ou poida provocar, o nacemento dun animal
- d. A utilización con fins educativos, sempre que a devandita utilización poida causarlle ao animal un nivel de dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro equivalente ou superior ao causado pola introdución dunha agulla conforme as boas prácticas veterinarias.

**39. Os procedementos realizaranse:**

- a. Unicamente e sen excepción en centros usuarios autorizados
- b. Unicamente por persoas que contén con capacitación previa
- c. Por persoas capacitadas ou autorizadas de forma temporal
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**40. En canto á anestesia e analxesia:**

- a. Son obrigatorias durante calquera tipo de procedemento
- b. Só as pode aplicar un veterinario
- c. As respostas "a" e "b" son correctas
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**41. En canto ao emprego de medicamentos que impida ou restrinja as manifestacións de dor:**

- a. O seu uso está prohibido en calquera suposto
- b. O seu uso está condicionado ao emprego de anestesia ou analxesia axeitados
- c. En caso de que se subministre ese tipo de medicamentos deberá proporcionarse unha xustificación científica acompañada dunha descrición do tratamento por anestesia ou analxesia, que estará a disposición do órgano competente
- d. As respostas "b" e "c" son correctas.

**42. En canto á clasificación da severidade dos procedementos:**

- a. Determinarase polo grao de dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro que se prevé que poida experimentar un animal
- b. Clasifícanse como «sen recuperación» os procedementos que se realizan na súa totalidade baixo anestesia xeral tras a cal é probable que os animais experimenten dor, sufrimento ou angustia
- c. Deben clasificarse como «leves» os procedementos se é probable que os animais experimenten dor, sufrimento ou angustia leves e duradeiros
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**43. A clasificación da severidade dos procedementos realizarase tendo en conta:**

- a. Impedimento de expresar o comportamento natural, incluído as restricións nos estándares de aloxamento, zootécnicos e de coidado dos animais
- b. Sufrimento acumulativo no procedemento e grao de aprendizaxe do animal para o procedemento
- c. Especie, xenotipo, madurez, idade e sexo do animal
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**44. Atribúense á categoría de procedementos leves:**

- a. Os estudos que implican a privación a curto prazo de compañeiros sociais, engaiolado solitario a curto prazo de ratas ou ratos adultos de estirpes gregarias
- b. O illamento completo durante períodos duradeiros de especies gregarias, por exemplo cans e primates
- c. O uso de gaiolas metabólicas que impliquen unha restrición moderada de movementos durante un período de ata 5 días
- d. As respostas "a" e "c" son correctas.

**45. Atribúense á categoría de procedementos moderados:**

- a. A administración de substancias por vía subcutánea, intramuscular, intraperitoneal, por sonda gástrica e intravenosa a través dos vasos sanguíneos superficiais, onde a substancia só ten un efecto leve no animal
- b. Os procedementos superficiais, por exemplo biopsias de orella e rabo, implantación subcutánea non cirúrxica de minibombas e transpondedores
- c. A cirurxía baixo anestesia xeral e analxesia apropiada, incluíndo, entre outros, toracotomía, craneotomía, laparotomía e implantación cirúrxica de catéteres, ou dispositivos biomédicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**46. Atribúense á categoría de procedementos severos:**

- a. O estudo farmacocinético onde se administra unha única dose e se recolle un número limitado de mostras de sangue (totalizando <10 por cento do volume circulante) e onde non se prevé que a substancia cause ningún efecto nocivo detectable
- b. A irradiación ou quimioterapia cunha dose subletal ou cunha dose que doutro modo sería letal, pero con reconstitución do sistema inmunitario
- c. A irradiación ou quimioterapia cunha dose letal sen reconstitución do sistema inmunitario
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**47. Os proxectos tipo II:**

- a. Implican exclusivamente procedementos clasificados como «sen recuperación», «leves» ou «moderados» e non utilizan primates
- b. Poderán ser tramitados por un procedemento simplificado e non ser sometidos a avaliación retrospectiva
- c. Serán sometidos posteriormente a unha avaliación retrospectiva
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.



**48. Para a solicitude de autorización dun proxecto de tipo I o usuario non debe presentar información relativa a:**

- a. A estratexia experimental ou de observación e modelo estatístico para reducir ao mínimo o número de animais utilizados, a dor, sufrimento, angustia e o impacto ambiental, cando proceda
- b. A reutilización de animais e o seu efecto acumulativo sobre o animal
- c. A proposta de clasificación dos procedementos en función da súa severidade
- d. O resumo non técnico que incluírá datos de carácter persoal como nomes e enderezos dos usuarios.

**49. En canto á avaliación dos proxectos:**

- a. Non se poderá realizar ningún proxecto que non fose previamente avaliado con resultados favorables por un órgano habilitado
- b. Os comités de ética de experimentación animal non poderán ser designados órganos habilitados para realizar a avaliación e a avaliación retrospectiva
- c. O órgano habilitado realizará unha avaliación retrospectiva de todos os proxectos nos que se inclúan procedementos clasificados como «sen recuperación» ou «leves»
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**50. As autorizacións de proxectos concederanse por un período máximo:**

- a. De cinco anos
- b. De dez anos
- c. De dous anos
- d. Establecido en función na memoria técnica do proxecto.

**51. Son funcións do comité de ética de experimentación animal:**

- a. Asesorar o persoal que se ocupa dos animais sobre cuestións relacionadas co benestar dos animais en canto á súa adquisición, aloxamento, coidado e utilización
- b. Asesorar sobre réximes de realoxamento ou adopción, incluído a socialización axeitada dos animais que vaian realoxarse ou darse en adopción
- c. Realizar o seguimento dos proxectos tendo en conta o seu efecto sobre os animais utilizados, así como determinar e avaliar os elementos que mellor contribúen á substitución, á redución e ao refinamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**52. No caso de pequenos criadores e subministradores, o OEBA:**

- a. Estará formado pola persoa ou as persoas responsables do benestar e coidado dos animais
- b. Recibirá o asesoramento do veterinario designado, debendo conservarse durante polo menos tres anos as achegas que este realice
- c. Excepcionalmente as funcións de establecemento e revisión de procesos operativos e o asesoramento ao persoal poderaos realizar o OEBA doutro criador ou subministrador
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**53. Os centros deben dispoñer de locais que permitan:**

- a. O illamento dos animais recentemente adquiridos ata que se determine o seu estado sanitario
- b. Aloxar por separado os animais enfermos ou feridos
- c. Que as especies que sexan incompatibles, como depredadores e presas, estean aloxados en diferentes cubículos que impidan o contacto directo ou visual permitindo que poidan oírse e ulirse
- d. A respostas "a" e "b" son correctas.

**54. Os establecementos non deberán contar con:**

- a. Instrucións claras sobre as actuacións que se van desenvolver en caso de emerxencia expostas nun lugar visible
- b. Un programa eficiente de limpeza periódica dos locais
- c. Dispositivos de control e alarma para os dispositivos de calefacción e ventilación
- d. Sistemas de alarma acústicos que emitan sons dentro do espectro audible sensible dos animais.

**55. Para o aloxamento dos animais facilitarase:**

- a. O enriquecemento ambiental
- b. Estruturas de descanso ou materiais de cama adaptados á especie, así como estruturas ou materiais de nidificación para os animais reprodutores
- c. O acceso ao alimento e dispoñer de espazo abondo para limitar a competencia con outros animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**56. O aloxamento dos animais realizarase de acordo coas normas mínimas consideradas no Real decreto 348/2000:**

- a. No marco dunha investigación de índole agropecuaria
- b. Cando o obxectivo do proxecto dispoña que os animais se manteñan en condicións similares ás dos animais das explotacións comerciais
- c. Sempre que se utilicen animais de granxa independentemente do obxectivo do proxecto
- d. A respostas "a" e "b" son correctas.

**57. En Galicia a norma que regula a protección dos animais utilizados para a experimentación e outros fins científicos é o:**

- a. Decreto 296/2008
- b. Decreto 96/2002
- c. Decreto 26/2009
- d. Decreto 29/2006

**58. En Galicia a norma pola que crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación é o:**

- a. Decreto 153/1998
- b. Decreto 296/2008
- c. Decreto 153/2009
- d. Decreto 153/1996

**59. Cando un centro estea integrado por unidades separadas fisicamente e con organización e funcionamento independente:**

- a. Cada unidade figurará inscrita con carácter de centro independente
- b. Non poderán ter o mesmo comité ético
- c. Cando dous centros independentes dependan unicamente dunha determinada entidade inscribíranse como un único centro
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

**60. Os centros de experimentación animal dispoñerán dun especialista en:**

- a. Benestar animal
- b. Saúde animal
- c. Asesoría xurídica (normativa non BA)
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".

**61. En Galicia o Decreto 296/2008 que regula a utilización de animais para a experimentación e outros fins científicos modifícase polo:**

- a. Decreto 345/2010 no relativo aos comités de ética
- b. Decreto 345/2010 no relativo ás entidades de formación
- c. Decreto 345/2010 no relativo aos métodos de eutanasia
- d. Este decreto aínda non sufriu modificacións

**62. O RD 53/2013 polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, derroga o:**

- a. RD 1201/2005
- b. RD 1201/2006
- c. RD 1201/2007
- d. RD 1211/2005

**63. Unha das finalidades do RD 53/2013 é promover:**

- a. O reemprazo de animais por outras técnicas ou sistemas
- b. A redución do número de animais nos experimentos
- c. O refinamento dos procedementos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**64. Son finalidades do RD 53/2013:**

- a. A promoción dos principios dos 3 erres
- b. A implementación dos principios dos 3 erres
- c. O fomento de usos alternativos á experimentación con animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**65. Dentro do ámbito de aplicación desta norma (RD 53/2013):**

- a. Non se contemplan os cefalópodos
- b. Non se contemplan determinadas formas fetais de mamíferos
- c. Unicamente se contemplan roedores
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**66. Contémplanse como únicos fins para realizar proxectos de experimentación animal:**

- a. A investigación fundamental, traslacional aplicada e medicina forense
- b. O desenvolvemento de produtos farmacéuticos, alimentos e pensos
- c. A protección do medio natural e a conservación das especies
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**67. Respecto ás normas de identificación e rexistro dos animais:**

- a. Aplícaselle a normativa específica de experimentación no caso de utilización de medicamentos unicamente
- b. Aplícaselle a normativa vixente aos cans e porcos unicamente cando se despracen a outros centros
- c. En animais que posúan normativa de identificación aplicaráselles a devandita norma
- d. Ao ser animais de experimentación non é de aplicación a normativa de identificación.

**68. Para o transporte de animais de experimentación con respecto á súa identificación e rexistro:**

- a. Aplícaselles a normativa de protección animal
- b. Aplícaselles a normativa de sanidade
- c. Aplícaselles a normativa de transporte de mercadorías perigosas
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".

**69. Respecto ao persoal que traballa nos centros de experimentación:**

- a. Serán suficientes para o local en cuestión
- b. Terán capacitación ou formación acreditada
- c. Unicamente serán necesarios en centros subministradores e usuarios
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".

**70. A formación ou acreditación do persoal que traballe nos centros será relativa a:**

- a. O coidado dos animais
- b. A eutanasia dos animais
- c. A execución dos procedementos
- d. Todas as resposta anteriores son correctas.

**71. Os órganos encargados do benestar dos animais (OEBA) nos centros usuarios denomínanse:**

- a. Comité de Centros Usuarios
- b. Comité Avaliador de Proxectos
- c. Comité de Protección Animal
- d. Comités éticos.

**72. Os comités de ética:**

- a. Poden habilitarse para avaliar proxectos
- b. Non se poden habilitar para avaliar proxectos
- c. Non teñen capacidade decisoria
- d. Poden delegar no MAPA as súas funcións.

**73. Os centros de experimentación:**

- a. Teñen que rexistrarse no REGA
- b. Non teñen que rexistrarse no REGA
- c. Rexístranse co CIF da empresa ou universidade
- d. Se son centros usuarios só se rexistran se traballan con vacún e porcino.

**74. Os centros de experimentación deben rexistrarse:**

- a. Só se son centros de cría
- b. Só se son centros subministradores
- c. Só se son centros subministradores
- d. Deben rexistrarse en cada unha das actividades que realicen en experimentación.

**75. O RD 53/2013 clasifica os proxectos en:**

- a. 2 tipos
- b. 3 tipos
- c. 4 tipos
- d. 5 tipos

**76. Os proxectos tipo I:**

- a. Só utilizan primates
- b. Poden tramitarse por un procedemento simplificado de autorización
- c. Implican procedementos leves ou moderados e sen recuperación
- d. Son correctas as respostas "b " e "c."

**77. Os proxectos tipo II:**

- a. Utilizan primates unicamente
- b. Implican procedementos leves e moderados
- c. Requiren autorización
- d. Son correctas as respostas "b " e "c".

**78. Os procedementos tipo III:**

- a. Son distintos ao tipo I e tipo II
- b. Requiren autorización
- c. Requiren avaliación retrospectiva
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**79. Os procedementos clasifícanse segundo as súas severidades en:**

- a. 3 clases
- b. 4 clases
- c. 5 clases
- d. 6 clases

**80. A severidade dos procedementos:**

- a. Só condiciona os proxectos tipo II onde se utilicen primates
- b. Só condiciona os proxectos tipo III
- c. Non condiciona a clasificación dos proxectos
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**81. Os proxectos de experimentación para a súa aprobación deben ser solicitados a:**

- a. O comité de ética unicamente
- b. A autoridade competente (AC)
- c. Unicamente os de tipo II aos comités de ética
- d. Unicamente os de tipo III aos comités de ética.

**82. Os proxectos de experimentación:**

- a. Deben ser avaliados previamente por un órgano habilitado
- b. O órgano habilitado pode ser elixido libremente polo centro usuario
- c. Deben ser avaliados os proxectos tipo I, II e III
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**83. Os órganos habilitados:**

- a. Deben respectar o principio de confidencialidade sobre os proxectos
- b. A súa designación só ten validez na CC.AA onde se sitúe
- c. Non necesita unha preparación especial
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**84. A avaliación retrospectiva:**

- a. Realízase nos proxectos tipo III e no resto se o considera oportuno o órgano habilitado
- b. Serve para determinar se se conseguiron os obxectivos previstos
- c. Avalía os principios dos 3 erres e o dano aos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**85. Con respecto á formación en experimentación animal o Ministerio competente é:**

- a. MINECO
- b. MAPA
- c. PRESIDENCIA
- d. MAPYA

**86. Na actualidade, no ano 2014, son válidas as categorías:**

- a. A e B unicamente
- b. B e C unicamente
- c. C e D unicamente
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**87. En Galicia a tramitación das solicitudes dos diferentes centros de experimentación animal realízase en:**

- a. A OAC
- b. A Subdirección de Sanidade e Produción Animal
- c. Os servizos provinciais de gandería
- d. A Consellería de Economía e Industria.



88. **O prazo máximo para resolver as solicitudes de rexistro dos centros de experimentación é de:**
- a. 2 meses
  - b. 3 meses
  - c. 4meses
  - d. 5 meses
89. **No caso de que un centro de experimentación solicite a ampliación da actividade (de instalacións ou de especies de animais utilizados) deberá entregar:**
- a. Memoria descritiva das características do centro e actividades
  - b. Planos das instalacións, superficie e capacidade do local e xestión Sandach
  - c. Programa hixiénico sanitario suscrito polo veterinario
  - d. Todas as respostas anteriores son correctas.
90. **O RD establece un prazo máximo para emitir a resolución do proxecto que se tramite pola AC de:**
- a. 30 días hábiles dende a data de solicitude
  - b. 40 días hábiles dende a data de solicitude
  - c. 45 días hábiles dende a data de solicitude
  - d. 60 días hábiles dende a data de solicitude.
91. **O obxectivo último do RD 53/2013 é:**
- a. A substitución ao 50% dos animais nos procedementos
  - b. A substitución ao 80% dos animais nos procedementos
  - c. A substitución ao 90% dos animais nos procedementos
  - d. A substitución total dos animais.
92. **Para xerbos, ratas, ratos e cobaias a distancia vertical entre o chan e a parte superior do recinto denomínase:**
- a. Altura fisiolóxica
  - b. Altura útil
  - c. Altura do recinto
  - d. Altura de obra.

93. **A eutanasia dos animais débese de completar cos seguintes métodos:**

- a. Luxación vertical
- b. Destrución do cerebro
- c. Desangramento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

94. **Un método axeitado de eutanasia para grandes réptiles é o:**

- a. Atordamento eléctrico
- b. Disparo con rifle
- c. Conmoción cerebral/golpe contundente na cabeza
- d. Pistola de caravilla perforadora.

95. **A conmoción cerebral/golpe contundente na cabeza pode realizarse unicamente nas aves de menos de:**

- a. 7-8 kg
- b. 9-10 kg
- c. 8-9 kg
- d. Menos de 5 kg

galicia



XUNTA  
DE GALICIA